



# PLAN DIXITAL

## CEIP Canicouva

Versión 1.0\_ 10 xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
1.1. DATOS BÁSICOS DO CENTRO.....	3
1.1.1 <i>Fitos chave</i> .....	5
1.1.2 <i>Misión, visión y valores</i> .....	6
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DIXITAL NO CENTRO. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO .....	7
1.3. BREVE XUSTIFICACIÓN DO MESMO.....	9
1.4. PROCESO DE ELABORACIÓN.....	10
<b>2. SITUACIÓN DE PARTIDA</b> .....	<b>12</b>
2.1. INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E SERVIZOS DIXITAIS .....	12
2.1.1 <i>Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos)</i> .....	13
2.1.2 <i>Equipamento dispoñible e identificación dos usos</i> .....	13
2.2. FONTES EMPREGADAS PARA A ANÁLISE DAFO .....	17
2.3. ANÁLISE DAFO .....	19
2.4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL-COVID 19.....	22
<b>3. PLAN DE ACCIÓN</b> .....	<b>23</b>
3.1. OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS.....	23
3.2. NECESIDADES DE EQUIPAMENTO E DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS.....	41
<b>4. AVALIACIÓN DO PLAN</b> .....	<b>45</b>
<b>5. DIFUSIÓN DO PLAN</b> .....	<b>48</b>



## 1. Introducción

Para a elaboración do Plan Dixital tomaremos como referencia a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galiza para o curso 2021/2022, baseándonos nos dous principais obxectivos:

- Facilitar a integración e o desenvolvemento das TIC nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa, para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

Este plan está pensado como un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro respecto dos obxectivos Xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa, cada un na medida das súas posibilidades e no seu nivel de actuación. Está pensado para ser posto en práctica no curso 2022-2023 e pretende ser aprobado no claustro e consello escolar do 23 de xuño de 2022

### 1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Canicouva (código ce centro 3601012) é un centro público dependente da Consellería de cultura, educación e universidade no que se imparten as ensinanzas do segundo ciclo da Ed. Infantil (3 a 6 anos) e a Ed. Primaria (6 a 12 anos).

O centro está localizado na rúa Canicouva, nº24, na zona de Pereiró-Castrelos en Vigo. Ocupa unha superficie de 5000 metros cadrados, dos que 1000 aproximadamente son os adicados a dependencias escolares. O resto son patios, pistas polideportivas xardín e as vivendas de mestres/as, anexas ao mesmo (actualmente este edificio está en desuso e non é posible acceder a el nin ao seu perímetro por risco de derrube); cumprindo, así, co establecido

no Real Decreto 132/2010 polo que se establecen os requisitos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria. Está ben comunicado por varias liñas de transporte que teñen parada na contorna do centro

Os datos de contacto do centro son os seguintes:

- Dirección postal: CEIP Canicouva. Rúa Canicouva, nº24, CP 36213. Vigo-Pontevedra
- Correo electrónico: [ceip.canicouva@edu.xunta.gal](mailto:ceip.canicouva@edu.xunta.gal)
- Teléfono: 886 120 237

Tratase dun CEIP de 2 liñas, con 18 unidades, 6 de Ed. Infantil e 12 de Ed. Primaria. De xeito máis concreto a distribución do alumnado é a seguinte:

**Táboa 1:**

*Distribución do alumnado do centro por cursos*

2º CICLO DE INFANTIL: NIVEIS ALUMNADO MATRICULADO		2º CICLO DE INFANTIL: NIVEIS ALUMNADO MATRICULADO	
4ºEd. Infantil	26	1º Ed. Primaria	35
5ºEd. Infantil	29	2º Ed. Primaria	40
6º Ed. infantil	32	3º Ed. Primaria	27
Total Ed. Infantil	87	4º Ed. Primaria	35
		5º Ed. Primaria	45
		6º Ed. Primaria	36
		Total Ed. Primaria	218

O número de alumnado total do centro no presente curso escolar 2021-2022 é de 305 .

Conta con 29 docentes, dos cales 18 son titores ( 6 de EI e 12 de EP) e 8 mestres/as especialistas de: audición e linguaxe, educación física, francés( titora en EP) , inglés, música, pedagogía terapéutica e relixión. Cabe sinalar que por catálogo temos 8 mestres definitivos en Ed. Infantil, 9 en Ed. Primaria . O centro conta tamén cun Departamento de Orientación a tempo completo .

Ademais nos últimos cursos ven contando con mestres/as vinculados aos programas ARCO e PROA+ e para o vindeiro curso 2022-23 contaremos tamén cunha segunda praza de Pedagogía Terapéutica por Atención Preferente.



A maiores contamos con un 1 Auxiliar técnico educativo, 1 porteiro Vixiante (dependente do Concello de Vigo), unha limpadora pola mañá (tempo parcial) e dúas pola tarde (en horario de 16:00 a 22:00 horas)

### 1.1.1 Fitos chave

- Historia: O CEIP Canicova comeza a súa andaina no curso 68-69 sendo denominado Apollo 11, máis tarde Colexio Comarcal de Castrelos, logo definido como Colexio Público Pereiró Castrelos e na actualidade como CEIP Canicouva.
- O edificio é o orixinal, sufrindo unha remodelación importante co reforzamento da estrutura mediante vigas de ferro (no lugar de demolelo como se fixo con outros colexios da súa época)
- É un único edificio, formado por dúas alas ben definidas con dependencias a distintas alturas ás que se accede mediante amplas escaleiras. Na ala sur están localizados de abaixo cara arriba: secretaría, xefatura de estudos, dirección, comedor, vestiarios, titoría de E.F., os cursos correspondentes a Infantil e primeiro primeiro nivel de Primaria, así como aula de informática e outra de idioma (inglés) para alumnos/as de infantil e 1º de primaria, tamén dous aulíns, un utilizado polo profesorado de Infantil e outro onde está situado o Departamento de Orientación. Hai servizos en todas as plantas. Na ala norte atópase a biblioteca, aula de música, as aula de A.L. de P.T. en dous aulíns, aula de plástica, de vídeo, de inglés e os cursos de terceiro a sexto de primaria, tamén a aula de psicomotricidade no andar baixa, utilizada polos alumnos/as de infantil. Na pranta baixa e ocupando unha posición central está o ximnasio no que se compaxinan as clases de educación física co uso como salón de actos para distintas celebracións ao longo de cada curso. Anexo ao mesmo están os vestiarios a ámbolos lados. Nese mesmo andar atópase un espazo para almacén, outro para limpeza e dependencias da ANPA. Tamén ocupando unha posición central e no primeiro andar está a sala de profesorado e un pequeno espazo para recursos didácticos.
- Na parte frontal do Centro, valado, hai un espazo de terra e a un segundo nivel, máis baixo, un patio tamén de terra dividido, correspondendo unha destas partes ao espazo utilizado polos alumnos/as de infantil, con árbores, areeiro, casiña e xogos infantís. Dúas pistas polideportivas nun lateral do edificio, a distinto nivel, cementadas e de cor vermello. Na parte posterior do Centro existe un espazo adicado a xardín.



- Anexo ao Centro e pertencente ao mesmo, hai unha superficie de 2700 m2. Unha parte de 600 m2 esta adicado ao HORTO ESCOLAR, con acceso directo desde o Centro.
- Na entrada, e separadas do exterior por unha porta automática de acceso, hai unha zona de aparcamento sinalizada e vivendas escolares (hoxe en desuso) situadas na parte lateral sur. Foi remodelada e organizada no ano 2019, como é preceptivo por lei a entrada e saída do alumnado eliminando o acceso ao Centro escolar desde a porta destinada a vehículos. Contemplouse na remodelación a saída de emerxencia.

### **1.1.2.Misión, visión y valores**

Dende que en setembro de 1968 abriu por primeira vez o colexio Canicouva as súas portas, foi mudando de nome e tamén de alumnado que se foi formando nel. Por el teñen pasado diversas xeracións que se foron transformando a medida que a sociedade tamén ía mudando.

Hoxe recibimos fillos e netos daqueles primeiros alumnos e alumnas e o noso obxectivo segue a ser o mesmo: axudarlles a adquirir competencias e habilidades que lles permitan afrontar de xeito crítico e responsable o mundo presente e futuro.

Por iso o noso proxecto educativo entende o ensino como:

- Principio básico da formación integral do alumno/a a potenciación do pensamento crítico que conduza á formación de opinións propias, á valoración das distintas situacións e a toma de postura ante as mesmas.
- Educación solidaria, non discriminatoria por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outro feito diferencial, resaltando a coeducación en todos os seus ámbitos.
- Prioridade a formación de persoas capaces e competentes baseándose para elo nunha metodoloxía activa e participativa, poñendo ao alumnado en relación co seu entorno e procurando que a interacción co mesmo constituía unha base fundamental para a aprendizaxe.
- Desenvolvemento e fomento de actitudes positivas no que se refire á saúde individual e colectiva, ao consumo responsable, a conservación do medio ambiente e a Natureza e a cultura e lingua galega.
  - A diversidade do noso alumnado como un feito e entende que todos os alumnos/as teñen unhas capacidades que desenvolver.

Corresponde, pois, ao mesmo, axudar a todos e cada un dos seus membros a descubrir, potenciar e desenvolver ditas capacidades.

- Potenciar no alumnado con necesidades educativas especiais, inmigrantes ou de outras realidades culturais se integren na nosa Comunidade Educativa, non só desde unha perspectiva escolar senón, e o que é máis importante, dende unha dimensión humana e social.
- Todos os proxectos interdisciplinares tanto dentro como fóra da aula que permiten achegar ao alumnado á realidade, así como favorecer a relación, a convivencia, e o interese.
- Seguir impulsando a incorporación das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Canicouva é un centro público pertencente ao barrio de Castrelos-Pereiró-Canicouva , está enmarcado na zona 8 das áreas educativas de Vigo . Ten como centro adscrito o IES Santa Irene de Vigo .

Vigo é unha cidade portuaria situada na provincia de Pontevedra, xunto á Ría de Vigo. É o municipio máis poboado da provincia e de toda Galicia. Destaca a importancia comercial do seu porto que ocupa o posto número 1 no mercado pesqueiro de Europa. Así mesmo, é o principal núcleo industrial de Galicia, destacando a industria automobilística (a segunda factoría do grupo PSA Peugeot-Citroën en Europa está situada en Vigo) e a construción naval.

O presente Plan Dixital incardínase dentro da liña marcada no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual contribuíndo ao desenvolvemento dos diversos plans e proxectos do centro:

- Plans anuais de lectura, incluído o proxecto lector do centro.

O Plan Dixital é unha ferramenta máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e como tal pode complementar o traballo realizado dende o Plan Lector do centro permitindo a creación dun contexto de aprendizaxe diferente.

- Plan de dinamización da Lingua Galega.

O Plan Dixital pode achegar ao noso alumnado a aprendizaxe da Lingua Galega a través dunha metodoloxía máis innovadora. Podemos aproveitar contidos multimedia , xogos interactivos , xogos online en

lingua galega para que o noso alumnado aprenda dun xeito máis lúdico a través da Aula Virtual , da utilización de aula Tic do centro , ou de calquera dispositivo ( ordenador portátil , tableta...)

- Plan de atención á diversidade.

O Plan Dixital é unha ferramenta que pon a disposición do alumnado NEAE unha chea de posibilidades xa que posibilita a adecuación / gradación de actividades e a atención á diversidade grazas a súa grande oferta e fomentando a motivación, traballando de forma colaborativa atendendo ao principio de inclusión.

O Departamento de Orientación será o encargado de xestionar que as necesidades do alumnado que atende queden cubertas , aproveitando ao máximo as posibilidades Tic que teñen ao seu alcance.

- Plan de Convivencia.

O Plan de Convivencia do centro ten un grande apoio no Plan Dixital porque este facilita a súa divulgación entre a Comunidade Educativa a través da páxina web do centro .

Por outra banda, axudaranos tamén á compensación de desigualdades, xa que o alumnado disporá dos recursos TIC necesarios no centro para poder adquirir a Competencia Dixital, un dos obxectivos deste Plan.

- Programas de innovación educativa: PLAMBE, ARCO e PROA+

Todos estes programas veranse beneficiados polo Plan Dixital posto que terán ao seu alcance unha chea de recursos Tic para poder traballar co alumnado , reforzando ou ampliando coñecementos, con aplicacións que nos permitan fragmentar as tarefas, facéndoas máis visuais e motivadoras. Lograremos unha alfabetización informacional, aprendendo a buscar e seleccionar a información en distintos tipos de soportes.

- Plan de Continxencia:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanicouva/system/files/Plan%20covid%202021-22%20CEIP%20CANICOUVA.pdf>

- Outros proxectos de centro vinculados ás actividades

complementarias relacionadas coas conmemoracións escolares:

Samaín, Magosto, Día internacional contra a violencia de Xénero, Día da declaración dos Dereitos humanos, Nadal, día da Paz, Entroido, Semana da Prensa, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día mundial do medio ambiente.



Ademais está previsto volver a participar no proxecto educativo EDU Innova : Competencial Dixital para o vindeiro curso, o cal supón un importante fío aglutinador de todos os proxectos que se levan a cabo no centro.

Por último, o Plan Dixital potenciará directamente o Plan de dinamización das TIC de xeito que supoña un importante impulso para a implementación necesaria e definitiva das novas tecnoloxías na vida cotiá de toda a comunidade escolar

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) levan inmersas no noso currículo dende hai anos. Os obxectivos da etapa da Educación Primaria falan das TIC , tal e como establece a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de, de educación (LOMLOE), nos seguintes apartados:

- i)Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización , para o aprendizaxe, fomentando un espírito crítico ante o seu funcionamento e os mensaxes que reciben e elaboran.
- j)Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Co obxectivo de mellorar a competencia dixital do alumnado e o uso das TIC na aprendizaxe a través do fomento da competencia dixital do profesorado e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, nace o Plan Dixital no marco da Estratexia de Educación Dixital 2030 (EDUDIXITAL), lexislado na Resolución do 3 de setembro de 2021 (xa citada) . Para elaboralo, tomaremos como referencia unha serie de principios:

- A) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das TIC en múltiples aspectos da vida cotiá.
- B) O enfoque de cara a unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía.
- C) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla.

A transformación Dixital dos centros atenderá a 3 dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa. Para tal fin, a dirección do centro establecerá un Equipo de Dinamización do Plan dixital , que estará integrado por un membro do equipo directivo, outro membro do claustro, que actuará como coordinador e as persoas que se designen.

Este equipo contará cun horario de dedicación á coordinación e dinamización do Plan Dixital, asinado pola dirección do centro.

## 1.4. Proceso de elaboración

Seguindo as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021 o proceso de elaboración do plan dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

1. Fase de constitución do Equipo de Dinamización do Plan Dixital (EDPD):
  - Nunha das primeiras reunións do Equipo de Dinamización das TIC do centro, e ante a falta de información por parte da Administración, consensuamos que os membros deste equipo formaríamos parte do EDPD. Acordamos que sería adecuado contar cun representante de cada ciclo/nivel educativo para poder acordar as accións e propostas e trasladala ao claustro dun xeito adecuado.
  - No claustro do 26/10/2022 engadiuse un novo membro quedando constituído por 8 membros ( coordinadora+representante de equipo directivo+un representante por cada ciclo/nivel)
2. Fase de análise da situación do centro a través de 2 instrumentos:
  - Informe SELFIE.- con achegas de equipo directivo, alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e todo o profesorado do centro.
  - Test CDD.- Realizado por todo o profesorado do centro.
3. Fase de diagnose de situación do centro.
  - Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (en adiante DAFO) elaborado polo EDPD
4. Fase de elaboración do Plan Dixital.
  - Deseño do plan de acción.
  - Elaboración do Plan dixital propiamente dito.

### INCIDENCIAS:

Durante a elaboración do presente Plan Dixital atravesamos por varias incidencias que dificultaron e frearon o mesmo:

- A información e organización proporcionada pola Administración non foi a adecuada. Se ben a convocatoria publicouse o 3 de setembro, as instrucións para a realización do test SELFIE foron enviadas polo CFR de referencia o 8 de novembro, mentres que, o primeiro contacto cos asesores ADIX foi o 18 de novembro. Este solapamento de datas e información foi constante durante todo o proceso de realización do



plan. Por pñer outro exemplo que ilustre esta situación, na realización das diferentes tarefas, se nos proporcionaba unhas instrucións que ían mudando durante a súa propia realización o que supoñía un esforzo e un traballo dobre.

- As horas reflectidas para a realización do plan nos PFPPs (20 horas) creados a tal fin non reflicten a carga de traballo real realizadas.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Canicouva dispón de dous edificios, un deles en desuso polas súas malas condicións. O edificio principal, distribuído en dúas ás alberga o ximnasio (actualmente con funcións de comedor), a sección administrativa (despachos do equipo directivo), o comedor, as aulas dos especialistas e as aulas das diferentes titorías.

Ante a falta de un inventario dos recursos do centro o "Equipo de Dinamización das TIC" do centro, cuxos membros forman a súa vez parte do "Equipo de dinamización do Plan Dixital", acordou realizar un inventario dos dispositivos tecnolóxicos dispoñibles, as súas características básicas e a súa localización.

O centro tamén conta con servizos dixitais educativos principalmente servizos corporativos, aínda que tamén non corporativos, que facilitan a xestión docente. De xeito máis concreto, podemos destacar os seguintes:

#### Táboa 2:

*Servizos dixitais educativos empregados no CEIP Canicouva*

SERVIZOS COORPORATIVOS	SERVIZOS NON COORPORATIVOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Páxina web do centro (Drupal)</li> <li>• Aula Virtual do centro (Moodle)</li> <li>• AbalarMóbil para as familias</li> <li>• AbalarPro para o profesorado</li> <li>• Servizo de videoconferencias (webex)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conta de google para as redes do centro: <a href="mailto:redes.canicouva@gmail.com">redes.canicouva@gmail.com</a> ; <a href="mailto:bibliotritongo@gmail.com">bibliotritongo@gmail.com</a></li> <li>• Instagram para a difusión das actividades do centro: @ceip.canicouva</li> <li>• Blogues dos diferentes equipos: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Biblioteca: <a href="http://bibliotritongo.blogspot.com/">http://bibliotritongo.blogspot.com/</a></li> <li>○ EDLG: <a href="http://revistascanicouva.blogspot.com/">http://revistascanicouva.blogspot.com/</a></li> <li>○ 2ºEd. Primaria: <a href="https://traballandoenprimaria.blogspot.com/">https://traballandoenprimaria.blogspot.com/</a></li> <li>○ Inglés: <a href="http://englishblogcanicouva.blogspot.com/">http://englishblogcanicouva.blogspot.com/</a></li> <li>○ 1-2ºEd. Primaria: <a href="https://traballandoenprimaria.blogspot.com/">https://traballandoenprimaria.blogspot.com/</a></li> </ul> </li> <li>• Contas de Canva dos mestres</li> <li>• Whatsapp para avisos xerais ao claustro.</li> </ul>

A xestión do mantemento do equipamento do centro é levada a cabo polo equipo TIC. O mantemento dos equipos facilitados pola administración corre a cargo a Unidade de Atención a Centros (UAC), mentres que o mantemento dos equipos mercados polo centro corre a cargo dun servizo externo contratado polo mesmo.

Compre sinalar neste punto que a instalación eléctrica non aguantaba a carga propia dun centro das nosas características, polo que é frecuentemente salten os automáticos (especialmente na zona do edificio na que se sitúa a Aula TIC).

### **2.1.1. Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).**

O centro conta con infraestrutura dixital de datos cableada e sen fíos, ademais de infraestrutura de telefonía (con unha liña de teléfono fixo e un móbil).

No terceiro trimestre do curso 2021-2022 a UAC instalou unha rede sen fíos corporativa, que non acaba de funcionar ben, así como, rede de cabreado en moitas das dependencias do centro. Podemos dicir, polo tanto, que mellorou a situación deficitaria respecto da conectividade que o centro viña arrastrando. Sen embargo, aínda falta por facer chegar a infraestrutura de datos cableada e sen fíos as a algunhas dependencias do centro.

### **2.1.2. Equipamento dispoñible e identificación dos usos**

- **EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN**

A directora e a xefa de estudos dispoñen dun ordenador de sobremesa cada unha, so teñen asociada a impresora e o seu estado e mellorable (son dispositivos moi antigos). Pola súa banda, o secretario do centro dispón dun ordenador portátil e un PC de sobremesa que é de uso compartido co resto do profesorado.

Bótase en falta un ordenador con Linux e paquete abalar para poder levar a cabo tarefas de administración, coma por exemplo o acceso a "portasinaturas".

- **BIBLIOTECA**

Na biblioteca do centro contamos con 6 ordenadores de sobremesa: 2 para uso docente e 4 para uso do alumnado. Os mestres manifestan que a maioría dos equipos son "lentos", fallan as conexións cos periféricos e no 90% das ocasións non funcionan os catro a vez.

Dentro da dotación da biblioteca tamén dispoñemos de 2 Ipads de uso compartido, aínda que se prioriza o seu uso polas mestras de PT e AL.; é un robot educativo, tamén para uso compartido de todo o profesorado.

### ***Ilustración 1:***

*Equipos para o alumnado na biblioteca.*



- **EQUIPOS PARA USO NAS SALAS DE PROFESORADO E DEPARTAMENTOS**

Na sala de mestres hai un ordenador de sobremesa. Foi acondicionado polo equipo TIC partindo doutros equipos obsoletos, ten un sistema operativo desactualizado e a memoria ram é insuficiente para soportar as actualizacións. Sería necesario, polo tanto, ampliar o número de equipos neste sentido.

### ***Ilustración 2:***

*Equipo para Equipo para uso compartido do profesorado. Sala de mestres*



- **EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA AULA MÓBIL**


Non dispoñemos de este tipo de equipamento

- **AULA DE INFORMÁTICA**

Dispoñemos dunha aula moi pequena cun total de 8 ordenadores de sobremesa (Intel® Core™ i5 con 200 GB de RAM) con sistema operativo W7 e W10 nalgún caso.

***Ilustración 3:***

*Aula TIC do Ceip Canicouva*



- **SOFTWARE**

Pese as recomendacións de actualizacións algúns equipos manteñen o sistema operativo Windows 7 , polo que non se poden actualizar vía Windows Update e polo tanto a protección antivirus e cortafogos, elementos esenciais de seguridade, encontrase inactivos. Nos ordenadores dos últimos cursos de primaria (5º e 6º) os sistema operativo e Linux.

A meirande parte dos ordenadores teñen instalado un paquete de oficina de Libre Office excepto na aula de informática.

- **AULAS DO CENTRO**

En cada unha das aulas hai como mínimo un ordenador con torre ou portátil, pantalla, rato, altofalantes e proxector

De xeito xeral nas diferentes aulas do centro podemos atopar o seguinte equipamento:

- Proxectores: Todas as aulas contan con proxectores: Benq nas aulas de ED. Infantil e Epson nas aulas de ED. Primaria. A maioría son bastante antigas e non tiveron un mantemento adecuado polo



que, actualmente estamos renovando algún dos mesmos. De xeito máis concreto, renováronse dous proxectores: un a cargo dos gastos de funcionamento do centro e outro foi renovado dende a UAC.

- ENCERADOS DIXITAIS INTERACTIVOS. Existen nas aulas dos dous últimos cursos de primaria, na aula de música e nunha das aulas de inglés. Nas aulas das especialistas, debido á pandemia, as PDIs están actualmente en desuso. O resto de aulas, é dicir, o groso de aulas do centro, contan con encerados brancas tipo “vileda” que funcionan como pantallas para os proxectores.
- AUDIOVISUAIS: O curso pasado (2020/2021) o centro, a través do equipo TIC, mercou un set de croma e un trípode para unha tableta. Este material está a disposición de todo o profesorado na aula TIC.

No referente aos sistemas de audio, cada clase conta con un xogo de altosfalantes para poder realizar diferentes actividades.

No tocante a gravación de vídeo e imaxes, no dispoñemos de cámaras de foto ou vídeo para o uso do alumando/profesorado. A maioría das gravacións realízanse ben cos dous Ipads dispoñibles, ben cos equipos persoais do profesorado.

**Táboa 3:**

*Avaliación do equipamento dispoñible no centro*

AVALIACIÓN DO EQUIPAMENTO DISPOÑIBLE NO CENTRO	
ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización do inventario do centro e normas de uso dos dispositivos dixitais do centro ( En proceso)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O sistema eléctrico non soporta a capacidade de consumo do centro polo que se producen cortes (internet e luz)</li> <li>• Os equipos son insuficientes, tanto para o profesorado como para o alumnado.</li> <li>• O software está obsoleto ( en moitos casos pola imposibilidade de actualizar os equipos dada as súas características técnicas)</li> <li>• Falta de antivirus en tódolos dispositivos do centro</li> <li>• Os proxectores son antigos ou están deteriorados por un mantemento ineficaz.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os sistemas de son (altosfalantes) e as pantallas dos PC das aulas son moi antigos, están desactualizados.</li> <li>Non dispoñemos de aulas dixitalizadas</li> <li>Non dispoñemos de portátiles para aula móbil</li> <li>Non dispoñemos de equipos de gravación para uso educativo</li> <li>Non dispoñemos dun espazo para que a comunidade educativa poda traballar con tecnoloxías dixitais de xeito adecuado</li> </ul>
--	---

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- Autoavaliación SELFIE

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE. Observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o test obtiveron os resultados que se reflicten na seguinte táboa:

**Táboa 4:**

*Resultados SELFIE por áreas*

Areas	Grupos	Ensinanzas Primaria
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	2.8
	Alumnado	
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.2
	Alumnado	3
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.5
	Alumnado	3
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	2.4



<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Alumnado	
	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	2.6
	Alumnado	3.1

**Táboa 5:**

*Participación no test CDD segundo o perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	24	24	100%
<b>PROVISIONAL</b>	3	3	100%
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,7%
<b>DESPRAZADO</b>	1	1	100%

**Táboa 6:**

*Datos do Test CDD sobre Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,8	<u>Integrador (B!)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

**Táboa 7:**

*Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	<u>78,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>PRI.</b>	<u>65,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	77	<u>Integrador/a (B1)</u>

**Táboa 8:**

*Datos do Test CDD sobre distribución do profesorado por niveis.*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante
--	---	-------------------------------

		neste nivel
A1	1	3,1%
A2	17	53.1%
B1	9	28.1%
B2	1	3.1%
C1	2	6.3%
C2	2	6.3%
<b>TOTAL</b>	<b>32</b>	<b>100%</b>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Para elo, levouse a cabo unha parametrización partindo da media obtida en cada área e, observando a desviación obtida en cada ítem con respecto á puntuación de referencia.

Clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os aspectos externos como oportunidades ou ameazas

**Táboa 9:**

*Aspectos internos: fortalezas e debilidades*

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C.7. Equipo directivo di que existen sistemas de protección de datos no centro. C.10 Hai dispositivos portátiles suficientes a disposición do alumnado- * A realidade é que esta pregunta se contestou atendendo a dispoñibilidade de portátiles cedidos polo Fondo Social Europeo, pero estes non poden ser usados para outros fins que non sexan o préstamo	C2 NO existen dispositivos dixitais para o uso docente C3 Acceso a internet limitado o muy complicado C15 Alumando con NEE non ten acceso a tecnoloxías asistenciais. C1 Non están actualizados os equipamentos e redes C14 Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e aprendizaxe con TD
	PERSOAL DOCENTE	B.2. Debate sobre o uso da tecnoloxía D1 Suficiente acceso a formación PFPP	B.1.Avaliación do progreso B.3.Colaboracións D.3 Intercambio experiencias

	<p>D2 Si se teñen conta as necesidades docentes para artellar os PFPP</p> <p>E.1 Si se utilizan recursos educativos en liña</p> <p>E.2. Suficiente creación de recursos dixitais para reforzar a labor de ensinanza</p> <p>E.3. Sí se usan EVA co alumnado</p> <p>E.4. Si se empregan as tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo</p> <p>E.5. Sí se empregan recursos educativos abertos</p> <p>F.3 Fomentase a creatividade do alumnado a través de actividades dixitais</p> <p>G.10 Valoración de las habilidades dixitais del alumnado desenvolvidas fora del centro educativa</p> <p>G.1. Si e valoran as capacidades dixitais do alumando</p>	<p>F.5. Non se fomenta demasiado a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios que empregan as TD</p> <p>G.3. Non se utilizan TD para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado</p> <p>G9 No se utilizan datos dixitais sobre alumnos concretos para mellorar a experiencia de aprendizaxe</p> <p>G.7 Non se promove polo equipo directivo o uso de TD con fins de avaliación</p> <p>Baixos resultados no Test CDD (o 53% do profesorado ten un nivel A2, sendo a media do centro o nivel B1)</p> <p>A formación recibida ( a través dos PFPP e outros cursos) non se ve reflectida no nivel de competencia dixital do profesorado (Test CDD)</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	<p>F.3 O alumnado participa máis cando emprega tecnoloxías dixitais</p> <p>H.1 O alumnado aprende a actuar de xeito seguro en Internet</p> <p>H.3. O alumnado aprende a actuar de maneira responsable e a respectar aos demais en Internet</p> <p>H.4. O alumnado si aprende a comprobar se a información que atopa en Internet e fiable e precisa</p>	<p>H.11 O alumnado non aprende a codificar ou programar</p> <p>H.13 O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xorden o utilizar TD</p> <p>H7 O alumnado aprende parcialmente a crear contidos dixitais</p>
<b>FAMILIAS</b>		Falta de formación en competencias dixitais básicas da Comunidade Educativa
<b>OFERTA</b>	<p>A.3. A maioría do equipo directivo pensa que se apoia ao profesorado para que exploren novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p>	

<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	G.8 Sí se facilita ao alumnado TD para documentar su aprendizaxe	A.1. Non existe unha estratexia dixital de centro. A.2 A estratexia dixital do centro non se acorda co profesorado B.4. Sinerxías para a aprendizaxe híbrida C11 non ten medidas para identificar os retos que xorden coa aprendizaxe híbrida C16 Non existen repositorios ou bibliotecas en liña C12 Insuficiente formación sobre a aprendizaxe mixta- *inda que este é un resultado do SELFIE (cunha das puntuacións máis baixas 2.4), no Equipo pensamos que se contradí con outros resultados e non reflexa a realidade do centro.

**Táboa 10:**

*Aspectos externos: oportunidades e ameazas*

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>C5 Asistencia técnica es insuficiente C1 Non están actualizados os equipamentos e redes- Falta de financiamento e equipamento por parte da Administración. Os equipos son insuficientes e están obsoletos A.4.Os docentes non teñen tempo para explorar o seu método de ensino con tecnoloxías dixitais- Excesiva burocracia e tarefas que sobrecargan ao profesorado impedindo que exploren outras metodoloxías. Relacionada coa C4. Falta de planificación por parte da Administración Educativa (por exemplo no calendario que se está a levar a cabo con este Plan) que impide unha organización adecuada, un sobre esforzo do claustro e que impide unha reflexión adecuada sobre os diferentes aspectos a tratar C15 Alumando con NEE non ten acceso a tecnoloxías asistenciais-</p>	

	<p>Por parte da Admin. Educativa non existe unha dotación específica para este tipo de alumnado</p> <p>Medo a que as medidas planificadas (Plan Dixital)acaben converténdose nun elemento baleiro (Un plan máis que na práctica non se executa)</p> <p>Excesivos Plans, Proxectos e Programas que teñen que existir no centro e falta de medios (persoais e materiais) para levalos todos a cabo adecuadamente.</p> <p>Provisionalidade do profesorado do centro que dificulta a toma de decisións e a planificación de actuacións ao longo prazo</p>	
<b>LEXISLACIÓN</b>	<p>Lexislación en constante actualización_Falta por publicar a normativa referente a acreditación da competencia dixital por parte do profesorado</p>	<p>A.5. A meirande parte dos membros do equipo directivo e máis da metade do profesorado (57%) creen que se respectan os dereitos de autor e normas de uso ao empregar as tecnoloxías dixitais para o ensino e o aprendizaxe.</p>
<b>CONTORNA</b>		<p>Servizo de Préstamos de Materiais Didácticos Dixitais do CFR de Vigo</p> <p>Estreita colaboración co noso asesor de referencia do CFR de Vigo (Manuel Núñez)</p>
<b>ANPA</b>	<p>Cambios de directiva e falta de familias implicadas que queiran formar parte desta asociación</p>	<p>Posibilidade de colaboración económica para mellorar os equipamentos do centro</p> <p>Aberto a colaboración nas actividades propostas</p>
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

## 2.4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL-COVID 19

